

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

XUNTA ELECTORAL

CERTIFICACIÓN / COMUNICACIÓN COMPLEMENTARIA Á CONVOCATORIA DE ELECCIÓN 2026

En Vigo, a 08 de abril de 2026

D. Carlos Rodríguez Vicente, en calidade de Secretario da Xunta Electoral da Federación Galega de Balonmán,

CERTIFICA

Que, na data de hoxe, foron formalmente convocadas as eleccións á Asemblea Xeral e á Presidencia da Federación Galega de Balonmán, de conformidade coa resolución de convocatoria aprobada pola Presidencia da Federación.

Así mesmo, e en cumprimento do establecido pola Secretaría Xeral para o Deporte, procédese a comunicar a seguinte información complementaria:

PRIMEIRO.– Distribución do número de membros da Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral estará composta por un total de 60 membros, conforme ao establecido nos Estatutos da Federación Galega de Balonmán e no seu Regulamento Electoral, distribuídos por estamentos, especialidades e circunscricións electorais do seguinte xeito:

1. Estamento de clubs (42 membros – 70%)

Circunscrición: provincial

- Provincia da Coruña: 11 clubs
- Provincia de Lugo: 2 clubs
- Provincia de Ourense: 3 clubs
- Provincia de Pontevedra: 26 clubs

2. Estamento de deportistas (12 membros – 20%)

Circunscrición: autonómica

Xunta Electoral Proceso Electoral 2026 da Federación Galega de Balonmán

3. Estamento arbitral (3 membros – 5%)

Circunscrición: autonómica

4. Estamento de persoas adestradoras (3 membros – 5%)

Circunscrición: autonómica

SEGUNDO.– Data, lugar e horario das votacións

A xornada electoral presencial para a elección da Asemblea Xeral terá lugar o día 16 de maio de 2026. O horario das votacións será de 10:00 a 14:00 horas. Nas seguintes sedes electorais:

- Provincia da Coruña

Pavillón Vila de Noia s/n, 15100 Carballo (A Coruña)

- Provincia de Lugo

Pavillón Municipal Casa do Deporte de Lugo (Avda. Infanta Elena 9, 27297, Lugo)

- Provincia de Ourense

Pavillón O Consello (r/Baixada O Consello, 37; 32400, Ribadavia – Ourense)

- Provincia de Pontevedra

Edificio das Federacións Deportivas Galegas (r/Luis Ksado 17, 36209, Vigo – Pontevedra)

Observación importante:

É probable que a mesa electoral da provincia de Lugo non chegue a constituírse, dado que o número máximo de clubs candidatos coincide co número de vacantes asignadas para ese estamento nesa circunscrición.

Ademais, ao seren as eleccións dos restantes estamentos de carácter autonómico, a votación destes concentrarase principalmente nas mesas das provincias da Coruña e Pontevedra, por seren as de maior número de licenzas.

TERCEIRO.– Modelos oficiais de sobres e papeletas

Os modelos oficiais de sobres e papeletas serán remitidos á Secretaría Xeral para o Deporte con data límite do 15 de abril de 2026.

E para que así conste, expídese a presente certificación para a súa remisión á Secretaría Xeral para o Deporte e demais efectos oportunos.

Xunta Electoral Proceso Electoral 2026 da Federación Galega de Balonmán

O Secretario da Xunta Electoral
(Federación Galega de Balonmán)



Fdo.: Carlos Rodríguez Vicente

